



BOP

VENRES, 26 DE XANEIRO DE 2024

N.º 022

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN DE LUGO

Anuncio

Acordo do 09 de xaneiro de 2024 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Sarria (expediente IN407A 2022/132-2).

Con data 02 de novembro de 2023, a Xefatura Territorial de Lugo ditou resolución pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións previas e de construción e se declara a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica denominada "LMTA SAR806 - derivada a San Esteban CT 27A580 (Sarria)" no concello de Sarria.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do Sector Eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo ao presente acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Sarria, deducida da que se someteu a información pública no diario "La Voz de Galicia" do 14 de novembro de 2023 e no Diario Oficial de Galicia do 24 de novembro de 2023, para que comparezan o 19 de marzo de 2024 no concello da Sarria sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Sarria estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados pola persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 9 de xaneiro de 2024.- O xefe territorial, P.a. (artigo 41.3 Decreto 116/2022, do 23 de xuño), O xefe do Servizo de Industria, Juan Carlos Morán del Pozo.

ANEXO I

Relación de bens e dereitos afectados polo proxecto denominado "LMTA SAR806 - derivada a San Esteban CT 27A580 (Sarria)".

Concello: Sarria

Expediente: IN407A 2022-132-2

Nº Finca	Pol.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietarios	Apoio nº	Apoio superficie (m2)	Afeccións (ml aé.)	Afeccións (m2 aé.)
1	14	667	Leira Regas	prado	José López López			70.0	960.0
2	14	668	Agra Sarodis	prado	José López Ares			0.0	321.0
3	14	652	Poza Vello	prado	María Lili López	69-30-8-1, 69-30-8-2	4.0	112.0	1628.0
4	14	1210	Gaez	prado	María Lili López			0.0	164.0
11	14	1287	Cortiña	matogueira	Germán López Rodríguez			8.0	88.0
12	14	582	Cortiña	matogueira	Germán López Rodríguez			1.0	52.0
13	14	580	Fonte Canto	matogueira	Germán López Rodríguez			0.0	34.0
14	14	579	Fonte Canto	prado	Descoñecido	69-30-8-3	2.0	90.0	1405.0
19	16	767	Horto Das Fontes	labradío	Descoñecido			0.0	16.0
23	16	901	Cortiña Da Costa	matogueira	Fernando López Díaz			31.0	375.0
24	16	876	Redondelo	matogueira	Descoñecido			0.0	133.0
25	16	877	Fontiveira	matogueira	Descoñecido	69-30-8-6	2.0	24.0	359.0
26	16	1982	Fontes	matogueira	Descoñecido			0.0	9.0
27	16	878	Leira Costa	matogueira	German López Rodríguez			12.0	181.0
29	16	893	Fontes	matogueira	Descoñecido			0.0	10.0
30	16	891	San Esteban	matogueira	Descoñecido			85.0	1315.0

R. 0181

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO .- SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN

-EDICTO-

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
A PONTENOVA	3º-trimestre-2023	Taxa de auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia.
NAVIA DE SUARNA	4º -trimestre-2023	Taxa de recollida de lixo
O INCIO	4º-trimestre-2023	Taxa de auga, lixo e Canon auga Xunta de Galicia.
O PÁRAMO	4º-trimestre-2023	Taxa de subministro de auga e Canon auga Xunta de Galicia.
O PÁRAMO	4º-semester-2023	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos

POL	4º-trimestre-2023	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
-----	-------------------	---

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, núm. 140- Pavillón 1- CP 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercer, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 26/01/2024 e finalizará o día 26/03/2024, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
A PONTENOVA	3º-trimestre-2023	Taxa de auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia.
NAVIA DE SUARNA	4º -trimestre-2023	Taxa de recollida de lixo
O INCIO	4º-trimestre-2023	Taxa de auga, lixo e Canon auga Xunta de Galicia.
O PÁRAMO	4º-trimestre-2023	Taxa de subministro de auga e Canon auga Xunta de Galicia.
O PÁRAMO	4º-semester-2023	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
POL	4º-trimestre-2023	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, “La Caixa” - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extrávan o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Lugo, 16 de xaneiro de 2024.-O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 12-01-2024, A DEPUTADA PROVINCIAL, M.ª del Pilar García Porto.

R. 0139

CONCELLOS**BEGONTE***Anuncio***CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.**

Por Resolución desta Alcaldía de data 18 de xaneiro de 2024, aprobáronse as bases que rexerán a selección en réxime laboral temporal, polo prazo de seis (6) meses e unhasornada do 100 % - mediante concurso - oposición, de 1 posto de Peón Tractorista para a Brigada Municipal de Obras e Servizos.

As ditas bases están a disposición dos interesados na páxina web do Concello (www.concellodebegonte.es) e no Taboleiro municipal de anuncios, sendo o prazo de presentación de solicitudes de cinco (5) días hábiles a contar desde a publicación deste anuncio no “Boletín Oficial da Provincia”.

Begonte, 19 xaneiro de 2024.- O Alcalde-Presidente, Jose Ulla Rochas.

R. 0182

BURELA*Anuncio*

LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE PROFESOR/A-DIRECTOR/A DA ESCOLA DE MÚSICA, COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.-

Por Decreto da Alcaldía nº 2024-0042 de data 18/01/2024 apróbase a listaxe provisional de persoas admitidas e/ou excluídas ao proceso selectivo para a provisión dunha (1) praza de Profesor/a-Director/a da Escola de Música, como persoal laboral fixo, xornada a tempo parcial, polo sistema de concurso, acceso libre, incluídas na oferta de emprego público do concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal:

“María del Carmen López Moreno, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Burela (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2022-1108 de data 28/12/2022 polo que se aproba a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Vistas as publicacións realizadas en cumprimento da citada Resolución no BOP de Lugo nº 299 de 31/12/2022, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Burela.

Visto que no BOP de Lugo nº 096 do 27/04/2023 publícase anuncio do Decreto de Alcaldía nº 2023-0305 de data 19/04/2023 de corrección de erros materiais advertidos nas bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Resultando que no BOE nº 223 de 18/09/2023 publícase anuncio comprensivo da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo de concurso e correspondentes ao ámbito da Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, establecendo un prazo de presentación de solicitudes de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de “**PROFESOR/A-DIRECTOR/A DA ESCOLA DE MÚSICA**”, persoal laboral fixo, xornada a tempo parcial, grupo A1, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

a) **PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:**

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Juan Ramón Carballal González	***4344**	EXENTA
Miguel Pérez Sabater	***6067**	EXENTA
Miguel Emilio Santalices Blanco	***2714**	EXENTA
Carlos Timiraos Timiraos	***3623**	EXENTA

b) **PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:**

NOME E APELIDOS	DNI	CAUSA DE EXCLUSIÓN	PROBA DE GALEGO
Bruno Alvarez Gómez	***9205**	1	EXENTA

Causas de exclusión:

1.- Non achegar certificación *negativa emitida polo Rexistro Central de delinquentes sexuais acreditativa de non estar condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, o acoso sexual o exhibicionismo e provocación sexual, a prostitución e a explotación sexual e corrupción de menores, así como a trata de seres humanos*

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Mándoo e asínoo en Burela, 19 de xaneiro de 2024.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real, Decreto128/2018, O secretario interino”

R. 0183

Anuncio

LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE DÚAS (2) PRAZAS DE PROFESOR/A DA ESCOLA DE MÚSICA, COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.-

Por Decreto da Alcaldía nº 2024-0041 de data 18/01/2024 (corrección erro de transcripción por Decreto nº 2024-0044 de 19/01/2024) apróbase a listaxe provisional de persoas admitidas e/ou excluídas ao proceso selectivo para a provisión de dúas (2) prazas de Profesor/a da Escola de Música, como persoal laboral fixo, xornada a tempo parcial, polo sistema de concurso, acceso libre, incluídas na oferta de emprego público do concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal:

“María del Carmen López Moreno, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Burela (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2022-1108 de data 28/12/2022 polo que se aproba a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Vistas as publicacións realizadas en cumprimento da citada Resolución no BOP de Lugo nº 299 de 31/12/2022, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Burela.

Visto que no BOP de Lugo n.º 096 do 27/04/2023 publícase anuncio do Decreto de Alcaldía nº 2023-0305 de data 19/04/2023 de corrección de erros materiais advertidos nas bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Resultando que no BOE nº 223 de 18/09/2023 publícase anuncio comprensivo da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo de concurso e correspondentes ao ámbito da Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, establecendo un prazo de presentación de solicitudes de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan dúas (2) prazas de “**PROFESOR/A DA ESCOLA DE MÚSICA**”, persoal laboral fixo, xornada a tempo parcial, grupo A2, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

a) **PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:**

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Julia Nogueira Fernández	***1947**	EXENTA
Miguel Pérez Sabater	***6067**	EXENTA

Miguel Emilio Santalices Blanco	***2714**	EXENTA
Carlos Timiraos Timiraos	***3623**	EXENTA

b) **PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:**

NOME E APELIDOS	DNI	CAUSA DE EXCLUSIÓN	PROBA DE GALEGO
José Ramón Vázquez Meitín	***9963**	1	EXENTA

Causas de exclusión:

1.- Non achegar certificación negativa emitida polo Rexistro Central de delinquentes sexuais acreditativa de non estar condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, o acoso sexual o exhibicionismo e provocación sexual, a prostitución e a explotación sexual e corrupción de menores, así como a trata de seres humanos

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Mándoo e asínoo en Burela, 19 de xaneiro de 2024.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, O secretario interino”

R. 0184

CERVANTES*Anuncio***ADICACIÓN EXCLUSIVA TENENTE DE ALCALDE**

En cumprimento das privisións do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL), acordase publicar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada en data 27 de decembro de 2023, que textualmente di o seguinte:

De conformidade co disposto no artº 82.3 do ROF, concluído o examen dos asuntos incluídos na orde do día, o Sr. Alcalde somete á consideración do Pleno, por razón de urxencia, este asunto non comprendido na orde do día que acompañaba á convocatoria.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que con rexistro de entrada no Concello 2023-E-RC-1083 sendo o día 18/12/2023 ás 12:54 horas, presentou escrito do seguinte tenor literal:

“A miña decisión de iniciar xubilación por cumprimento de todos os requisitos necesarios de acordo co artº 205 do Real Decreto Lexislativo 8/2075, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei xeralda Seguridade Social

Renuncio por medio de este escrito, á dedicación exclusiva que me outorgou o Pleno do Concello, e que dita renuncia asícomo o pase a xubilación se faga efectivo en data 20.12.2023”

Que como consecuencia da renuncia formulada por este Alcalde á dedicación exclusiva, propoño ao Pleno do Concello ao abeiro do disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e no artigo 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, do 28 de novembro de 1986 o seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.-Recoñecer con efectos ao día 01.01.2024 a adicación exclusiva ao tenente de alcalde, D. Miguel González Vilela, para os asuntos relacionados coa brigada municipal e emerxencias, de xeito exclusivo no horario establecido para o funcionamento das oficinas municipais, sen prexuízo de prestar unha atención exclusiva aos asuntos urxentes que se presenten fora deste horario.

SEGUNDO.-Establecer , as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirá en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e dar de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda:

-Percibirá unha retribución anual bruta de 29.400,00 €

Non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos Colexiados de que forme parte, pero sí a percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, e así mesmo cando se trate da concorrencia efectiva aos órganos Colexiados que se especifican no parágrafo 6 do artigo 13 do ROF.

TERCEIRO. *Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o Acordo do Pleno, aos efectos do seu xeral coñecemento.*

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://cervantes.sedelectronica.gal>].

CUARTO. *Notificar devandito Acordo aos interesados e ao Servizo de persoal e intervención para o seu coñecemento e efectos».*

*Non producíndose intervencións, o Pleno Corporativo, por unanimidade, **ACORDA:***

PRIMEIRO.- *Aprobar a urxencia e ratificar a inclusión do punto na orde do día.*

SEGUNDO.- *Recoñecer con efectos ao día 01.01.2024 a adicación exclusiva ao tenente de alcalde, D. Miguel González Vilela, para os asuntos relacionados coa brigada municipal e emerxencias, de xeito exclusivo no horario establecido para o funcionamento das oficinas municipais, sen prexuízo de prestar unha atención exclusiva aos asuntos urxentes que se presenten fora deste horario.*

TERCEIRO- *Establecer, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirá en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e dar de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda:*

-Percibirá unha retribución anual bruta de 29.400,00 €

Non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos Colexiados de que forme parte, pero sí a percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, e así mesmo cando se trate da concorrencia efectiva aos órganos Colexiados que se especifican no parágrafo 6 do artigo 13 do ROF.

CUARTO. *Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o Acordo do Pleno, aos efectos do seu xeral coñecemento.*

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://cervantes.sedelectronica.gal>].

QUINTO.- *Notificar devandito Acordo aos interesados e ao Servizo de persoal e intervención para o seu coñecemento e efectos”.*

Cervantes, 19 de xaneiro de 2024.- O alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 0185

CERVO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación de data 22 de xaneiro de 2024 o expediente de cesión gratuita a favor da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, para a creación dun “Punto de Encontro Familiar”, o seguinte inmovible:

Parcela e inmovible sito na Rúa do Muiño, 2 – 27891 Cervo, con Referencia Catastral 8959007PJ2385N0001JP, de titularidade do Concello de Cervo, segundo escritura de compravenda número 722, de data 16 de xuño de 1992, efectuada diante do notario do Ilustre Colexio de a Coruña, con residencia en Burela, don José Manuel López Cedrón. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Viveiro, Tomo:688; Libro: 124; Folio: 31; Finca: 17.227; CRU 27011000802195; que se describe:

URBANA.- Na parroquia e municipio de Cervo, unha vivenda composta de planta baixa e piso alto, cuberta de lusa, ocupa unha superficie construída duns douscentos oitenta e oito metros cadrados e un terreo anexo cunha superficie de cincocentos trinta e dous metros cadrados; todo forma unha so finca que linda: Norte, fai vértice entre rúa do Muiño e camiño da Feira; Sur, José Villarino; Este, rúa do Muiño e Oeste, camiño da Feira.

De conformidade cos artigos artigo 110.1.f) do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 1372/1986, de 26 de novembro e do artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sométese a información pública polo prazo de vinte días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste *Boletín Oficial da Provincia*.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://cervo.sedelectronica.es>]

Cervo, 23 de xaneiro de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 0213

LUGO

Anuncio

BASES DA XXVI EDICIÓN DO CERTAME DE NARRACIÓN CURTA

“ÁNXEL FOLE” - 2024

A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo convoca a XXVI Edición do Certame de Narración Curta Ánxel Fole, que se rexerá polas seguintes

BASES

1ª. Poderá concorrer calquera autora ou autor, de calquera nacionalidade, que presente unha obra escrita en lingua galega conforme á normativa oficial, establecida pola Real Academia Galega. As obras presentadas deben ser orixinais e inéditas, entendendo por obra inédita a que non foi comunicada nin na súa totalidade nin en parte por ningún tipo de procedemento.

2ª. As obras presentadas poderán consistir tanto nunha novela curta como nun conxunto de relatos, en calquera caso cunha extensión total mínima de 50 páxinas estándar e máxima de 100, equivalentes respectivamente a 90.000 e 180.000 caracteres con espazos. Cada autora ou autor poderá presentar cantas obras quixer, en envíos separados.

3ª. Establécese un único premio de catro mil (4.000) euros, que estará suxeito ás retencións legalmente establecidas. Enténdese que o importe do premio inclúe e compensa os dereitos económicos polos primeiros mil exemplares vendidos da obra premiada, aos cales as autoras e autores renuncian polo feito de presentárense a este certame e obteren o premio.

4ª. A obra premiada será publicada por Edicións Xerais de Galicia, S.A. Esta editorial asinará coa autora ou autor un contrato de edición nas condicións habituais, sempre de acordo coa lexislación vixente sobre a propiedade intelectual, e tendo en conta a exención prevista na base anterior. A autora ou autor recibirá gratuitamente trinta (30) exemplares da primeira edición, e o Concello de Lugo cen (100).

5ª. Os orixinais presentaranse por correo electrónico no enderezo cultura@lugo.gal indicando XXVI CERTAME ÁNXEL FOLE.

Ese correo-e conterá dous documentos:

A.- O texto que se presenta a concurso, baixo LEMA ou pseudónimo, sen ningún dato que identifique a autoría.

B.- Outro a modo de plica no que constará o lema ou pseudónimo e o título da obra, e no corpo do documento o nome completo (e o nome literario ou pseudónimo de publicación no seu caso), o enderezo e o teléfono da autora ou autor, o correo electrónico e unha fotocopia do DNI ou pasaporte.

6ª. O prazo de presentación pecharase o mércores 31 de xaneiro do 2024.

7ª. O xurado deliberante estará formado por tres persoas competentes na materia, designadas pola Concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, unha delas a proposta de Edicións Xerais de Galicia. Ditos membros actuarán coa mesma categoría sen asignación de presidencia e vogalías. Con voz e sen voto, formarán tamén parte do xurado a Concelleira de Cultura e unha funcionaria ou funcionario que ela designe e que actuará como secretaria ou secretario.

8ª. O xurado reunirse para discernir o premio –que non poderá ser dividido, pero si declarado deserto– antes do 31 de marzo do 2024. As súas decisións serán inapelables e responderán aos seus propios criterios literarios respecto da calidade, orixinalidade e merecemento do premio.

9ª. Se no período de tempo transcorrido entre a presentación dunha obra e o ditame do xurado esa obra obtiver outro premio, a autora ou autor débello comunicar inmediatamente ao Concello de Lugo, retirándoa do Certame Ánxel Fole. En calquera caso, enténdese que a obtención dun premio anterior implica a renuncia automática ao premio Ánxel Fole que lle puidera ser atribuído a esa obra por descoñecemento desta circunstancia, sen prexuízo doutras responsabilidades nas que a autora ou autor puidera incorrer pola omisión do deber formulado nesta base.

10ª. A organización resérvase o dereito de exclusión das obras nos seguintes casos:

- Cando se incumpran un ou varios puntos destas bases.
- Cando a participación se faga empregando datos falsos ou haxa indicios de que o son, se a persoa non verifica os seus datos no prazo outorgado.
- Cando os textos presentados atenten contra a dignidade ou integridade das persoas.

11ª. A participación no certame supón e implica a aceptación total das súas bases.

Lugo, 18 de xanero de 2024.- A Tenenta de Alcaldesa, delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Língua, Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

R. 0224

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 11 de xaneiro de 2024, prestouse aprobación inicial o **padrón correspondente ao terceiro trimestre do ano 2023 da:**

- Taxa polo suministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa canon de auga.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente edito no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida Xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA.

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 1684/1990, do 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario **ata o 30.06.2024**

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ao enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ao pagamento deberá persoarse nas Oficinas Municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e no seu caso das costas do procedemento de apremio.

No caso do Canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do mesmo pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Pedrafita do Cebreiro, 11 de xaneiro de 2024.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 0176

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE NOVEMBRO DE 2023

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 18 de outubro de 2023 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de Novembro de 2023 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de novembro de 2023: 2.747,85€

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de xaneiro de 2024 e o 01 de marzo de 2024. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 11 de xaneiro 2024.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena

R. 0178

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE DECEMBRO DE 2023

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 18 de outubro de 2023 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de Decembro de 2023 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de Decembro de 2023: 2.573,05€

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de xaneiro de 2024 e o 01 de abril de 2024. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 11 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena

R. 0179

SOBER

*Anuncio***ENTROIDO 2024****BASES DO DESFILE DE COMPARSAS E CONCURSO DE DISFRACES****Primeira.- Obxetivos**

O Concello de Sober convoca o **Desfile de Comparsas e o Concurso de Disfraces de Entroido** o Sábado 10 de febreiro

Segunda.- Requisitos dos participantes

As comparsas deberán estar formadas por un **mínimo de dez compoñentes**.

O **Desfile de Comparsas** sairá da Praza do Concello as 17:00h. As comparsas colocaranse según a orde de chegada, a partir das 16:00h. Deberán levar un número de identificación, para que o xurado poda facer a súa valoración, que se recollerá no centro sociocultural de Sober, unha vez feita a inscrición.

O **Concurso de Disfraces** que se levará a cabo no Baile da Cachucha no CEIP Plurilingüe Virxe do Carme de Sober, terá dúas modalidades: Modalidade Infantil e Modalidade Adultos e non poderán participar disfraces do desfile de comparsas.

Terceira.- Prazo de presentación das solicitudes e documentación

Para a inscrición deberase recoller o impreso de solicitude no centro sociocultural de Sober. A información requerida é a seguinte:

- Impreso de solicitude
- Fotocopia do DNI /CIF
- Certificado de titularidade da conta do representante do grupo ou comparsa.

O último día para a inscrición no Desfile de comparsas será o día 8 de febreiro ás 14:00h.

A inscrición neste concurso implica a autorización de todos/as participantes a posible difusión dos documentos visuais recollidos na realización da actividade.

Cuarta.- Criterios de valoración

O xurado valorará os seguintes criterios, o longo do percorrido, e premiará ós mellores grupos:

- Elaboración do disfraz: 0-5 puntos
- Posta en escea: 0-5 puntos
- Orixinalidade: 0-5 puntos

Quinta.- Xurado

O xurado estará composto por persoas de diferentes ámbitos sociais e culturais de Sober

Sexta.-Dotación de premios

- Todas as comparsas terán un premio á **participación de 60€**.
- Establécese un premio especial á **comparsa máis numerosa de 150€**.
- Os **premios** serán os seguintes:

1º Premio: 300€

2ª Premio: 175€

3ª Premio: 125€

4º Premio: 75€

- No Concurso de disfraces:

Modalidade Infantil, os premios son os seguintes

INDIVIDUAL	GRUPOS ATA 6 PERSOAS
1º Premio: Vale 60€	1º Premio: Vale 100€
2º Premio: Vale 40€	2º Premio: Vale 50€

3º Premio: Vale 30€	3º Premio: Vale 40€
---------------------	---------------------

Modalidade Adultos, os premios son os seguintes:

INDIVIDUAL	GRUPOS ATA 6 PERSOAS
1º Premio: 60€	1º Premio: 100€
2º Premio: 40€	2º Premio: 50€
3º Premio: 30€	3º Premio: 40€

Séptima.- Protección de datos

Os datos de carácter persoal recollidos serán tratados de acordo co establecido polo normativa vixente en materia de protección de datos. O Responsable de Tratamento dos datos persoais é:

Concello de Sober, con dirección en Praza do Concello s/n 27460 - Sober

Oitava.- Aceptación

A concorrencia nesta convocatoria supón a plena aceptación destas bases.

Novena.- Publicidade

As presentes Bases serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Décima.- Fin da vía administrativa

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o art. 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Alcalde deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de A Coruña.

Undécima.- Normativa aplicable

Para todo o non previsto expresamente nas presentes bases aplicarase:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Sober, 17 de xaneiro de 2024.- Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 0186

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) - XERMADE

Anuncio

BASES REGULADORAS DOS PREMIOS DO ENTROIDO DE XERMADE 2024

BDNS (Identif.): 740450

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/740450>)

BASES REGULADORAS DOS PREMIOS DO ENTROIDO DE XERMADE 2024

PRIMEIRA:

O concurso de disfraces Entroido Xermade 2024 celebrarase o luns día 12 de febreiro, no Pavillón Polideportivo de Xermade.

SEGUNDA:

O prazo de inscrición de participantes será desde o momento de publicación destas bases ata o 7 de febreiro. A inscrición poderá facerse de xeito presencial no Concello ou no correo electrónico educadora.familiar@xermade.org, aportando o Anexo I das presentes bases cuberto e un certificado de conta*. Todos os grupos e/ou disfraces inscritos deben levar no momento do desfile o número asignado polo concello.

* Pode descargarse nas aplicacións móbiles de banca electrónica.

TERCEIRA:

A partir das 20.00 horas estará aberto o Pavillón Polideportivo de Xermade para as persoas que necesiten montar estruturas ou preparar os seus disfraces. Sobre as 21.00 dará comezo a actuación musical, e máis tarde, será o desfile de disfraces diante do xurado. É obrigatorio a asistencia ó desfile para poder participar no concurso.

CUARTA:

Establécense as seguintes categorías no concurso:

PARTICIPANTES NON EMPADROADOS EN XERMADE

GRUPO/PARELLAS/INDIVIDUAIS: No caso dos grupos, máis da metade do mesmo non pode estar empadroadado en Xermade. Se é individual ou parella, ningunha persoa/s pode estar empadroadada.

*Se hai o mesmo número de empadroados que de non empadroados, pasarán á categoría de "Empadroados: 1 ou 2".

PARTICIPANTES EMPADROADOS EN XERMADE

1. GRUPO ADULTOS: Agrupación formada por un mínimo de tres (3) persoas participantes, con máis da metade das persoas do grupo empadroadas en Xermade, que garden unha unidade temática, e que desfilen ou realicen algunha actuación, ben sexan coplas, bailes ou representacións.

2. INDIVIDUAIS/PARELLAS ADULTOS: Participantes a partir de 16 anos que concursen individualmente ou en parella, debendo, neste caso, gardar unidade temática entre os/as compoñentes.

3. INFANTÍS: participantes menores de 16 anos que concursen individualmente, en parella ou en grupo, debendo, neste caso, gardar unidade temática entre os/as compoñentes.

PREMIO ESPECIAL: ORIXINALIDADE

A este premio optará calquera persoa/grupo inscrito. O xurado valorará para outorgar este premio a orixinalidade do disface correspondente ou da posta en escena do mesmo, sempre e cando non se premiase xa nas categorías anteriores.

QUINTA:

A orde no desfile estará marcada pola organización.

SEXTA:

As persoas participantes que necesiten música deberán entregarlle á organización, como moi tarde, antes do inicio do desfile, nun dispositivo USB.

SÉTIMA:

A duración da actuación escollida para o concurso será como máximo de 5 minutos. Exceder este tempo poderá penalizarse na decisión do xurado do concurso.

OITAVA:

Os grupos poderán acceder ao pavillón con estruturas ou plataformas ata uns tamaños máximos. A organización avisará da suspensión ou mantemento das estruturas no desfile.

NOVENA:

O xurado estará formado por tres persoas voluntarias do público e un secretario/a vinculado/a ó concello, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases. Elaborará unha acta na que conste a resolución de disfraces premiados no concurso, asinada por todos os membros. Os premios serán aboados mediante transferencia bancaria, polo que será necesaria a presentación do certificado con número de conta ao realizar a inscrición.

DÉCIMA:

O xurado deberá escoller os seguintes premios:

Para participantes non empadroados en Xermade

1º premio

2º premio

3º premio

Para participantes empadroados en Xermade:

1º Premio

2º Premio

3º Premio

Individual/parella adultos:

1º Premio

2º Premio

3º Premio

Categoría Infantil:

1º Premio

2º Premio

3º Premio

Premio especial: Orixinalidade

UNDÉCIMA:

Para a selección de premios o xurado terá en conta:

a representación ou actuación realizada no desfile.

a orixinalidade do disfraces.

a confección dos disfraces.

DUODÉCIMA:

As contías dos premios do concurso serán:

Non empadroados en Xermade

1º Premio: 150 €

2º Premio: 100 €

3º Premio: 50 €

Participantes Empadroados en Xermade

Grupos:

1º Premio: 200€

2º Premio: 150€

3º Premio: 100€

Individual/parella:

1º Premio: 100€

2º Premio: 75€

3º Premio: 50€

Infantil:

1º Premio: 70€

2º Premio: 50€

3º Premio: 25 €

Premio especial orixinalidade

Único: 80 €

O xurado resérvase o dereito de declarar deserto algún dos premios se considera que os/as participantes non reúnen a calidade precisa.

En caso de quedar deserta algunha das categorías por ese ou outro motivo, o xurado poderá dispoñer dese/eses premio/s para entregar a calquera das inscricións realizadas non premiadas previamente.

DÉCIMO TERCEIRA:

O Concello de Xermade resérvase o dereito a pospoñer ou cancelar dito evento ou parte do mesmo por pola existencia de circunstancias que non permitan o desenvolvemento normalizado da actividade (condicións climatolóxicas, restricións sanitarias, ou calquera outra circunstancia que non permita o desenvolvemento normalizado da actividade).

DÉCIMO CUARTA:

A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sobre as que, diante de calquera dúbida, prevalecerá a resolución que adopte o xurado, por maioría simple dos seus membros. O incumprimento das bases suporá a descualificación no concurso. En contra das decisións do xurado non caberá ningún tipo de recurso.

As presentes bases e os premios concedidos aos beneficiarios, serán publicados na plataforma da Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

A organización realizará unha cobertura fotográfica dos diferente momentos do desfile. Os/as participantes, mediante a inscrición, consentirán na cesión da súa imaxe para as fotografías que se realizarán durante a celebración deste evento. As fotografías serán utilizadas pola Concello de Xermade con fins divulgativos e para a promoción das súas actividades en medios dixitais.

Anexo I

Inscrición Concurso disfraces Entroido 2024

Datos participante/s

-Persoa física ou entidade (responsable do cobro en caso de obter premio):

- DNI/NIF:

- Enderezo:

- Nome do disfraz:

- Número participantes:

- Teléfono de contacto:

-Número de conta bancaria (a nome da persoa física ou entidade)*:

* Entregar certificado de conta

Categoría (marcar cun aspa)

___ Participantes NON empadroados

___ Participantes empadroados: Grupo

___ Participantes empadroados: Individual/parella

___ Participantes empadroados: Infantil

Autorización:

A persoa abaixo asinante autoriza ó Concello de Xermade, con CIF P2702100E a consultar as débedas ou liquidacións pendentes coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Axencia Estatal de Administración Tributaria. Tamén autorizo a publicación de imaxes das persoas participantes nas RRSS do Concello ou calquera medio de comunicación.

Xermade, 22 de xaneiro de 2024.- Alcalde-Presidente, Roberto García Pernas.

R. 0198